ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

**FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA**
**FC23205**

## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Relacións entre os ecosistemas litorais e plans de xestión

**CONVOCATORIA:** 2ª Convocatoria Autonómico

**GRUPO:** Consellería de Mar

**ÁREA:** Consellería de Mar

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CUALIFICACIÓN:** | APROVEITAMENTO | **PLAN:** | F. FINALISTAS | **HORAS:** | 30 |
| **ADMINISTRACIÓN:** | AUTONÓMICA | **ESTADO:** | CONVOCADO | **ANO:** | 2023 |
| **MOD.IMPARTICIÓN:** | PRESENCIAL | **TIPOLOXÍA:** | ESPECÍFICO | **EDICIÓNS:** | 1 |

**DATA MATRÍCULA:** Do 26/08/2023 - 00:00h ao 03/09/2023 - 23:55h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Cada ano é máis patente a necesidade de ter en conta a xestión dos recursos mariños como parte dun ecosistema completo no que se dan relacións moi complexas entra as diversas especies que conviven nel. A necesidade deste curso é manter ao día aos técnicos da Consellería do Mar que realizan informes dos plans de xestión que inciden directamente neste eido, dotandoos así dunha capacitación o máis completa posible.

### DESTINATARIOS

1.- Persoal técnico da Consellería do Mar que realiza as funcións dos coñecidos como biólogos de zona.
2.- Persoal técnico con funcións de xestión da Consellería do Mar que ten que ver coa aprobación dos plans de xestión marisqueira.
3.- Persoal técnico investigador da Consellería do Mar no eido dos recursos mariños
4.- Resto do persoal técnico da Consellería do Mar

### PROGRAMA

Módulo 1. A explotación dos recursos de substratos rochosos. Concepto de especie explotable e potencialmente explotable. Principais especies explotadas dos substratos rochosos das costas de Galicia. Cifras de produción, valoración económica e mercados de destino. Normativas. Plans de Xestión actuais (ourizo, anemone, percebe) e potenciais (caramuxos, lapas). Análise de posibles interaccións entre plans. Medidas de Xestión (@estrella, cangrexo).
Módulo 2. Bioloxía e ecoloxía de especies de macrofauna explotables de substratos rochosos. Xeneralidades e principais especies explotadas actualmente en Galicia: Anemone, Percebe, Ourizo, Mexillón. Identificación. Bioloxía das especies e o seu papel nos ecosistemas rochosos. Ciclo de vida, taxas de crecemento, hábitats preferentes, adaptacións, abundancia, distribución, interaccións entre especies, potenciais efectos de cambio climático. Outras especies explotadas e/o potencialmente explotables (Caramuxos, Lapas). Especies consideradas descartes actualmente, potencialmente explotables como novos recursos (estrellas, cangrexo).
Módulo 3. Xestión e seguimento. Metodoloxías de mostraxe. Determinación de coberturas, biomasas, índices de condición e maduración. Boas prácticas para unha explotación sostible dos recursos.

| CRITERIOS DE SELECCIÓN |
|---|
| 1.- Persoal técnico da Consellería do Mar que realiza as funcións dos coñecidos como biólogos de zona.<br>2.- Persoal técnico con funcións de xestión da Consellería do Mar que ten que ver coa aprobación dos plans de xestión marisqueira.<br>3.- Persoal técnico investigador da Consellería do Mar no eido dos recursos mariños<br>4.- Resto do persoal técnico da Consellería do Mar |

## 3. DATOS EDICIÓNS

| SANTIAGO | | |
|---|---|---|
| **LOCALIDADE:** Santiago de Compostela | | **INICIO / FIN:** 09/10/2023 a 24/10/2023 |
| **NUM. PRAZAS:** 25 | **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) | **DATA EXAME:** 24/10/2023 ás 13:00h |
| **DOCENTES NOMEADOS** | | |
| Hydrosphere S.L. | | |
| **LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME** | | |
| **AULA 7:** O día 09 de outubro de 10:00 a 14:00. O día 10 de outubro de 10:00 a 13:00. O día 23 de outubro de 10:00 a 14:00. O día 24 de outubro de 10:00 a 13:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA<br><br>TEORICO NA EGAP. HORARIOS: 9 E 10 de outubro DE 10:00 A 14:00 E O 23 E 24 de outubro DE 10:00 A 13:00<br>AS SESIÓNS PRACTICAS (SEN DATAS) SE COMUNICARÁN AS ZONAS E PUNTOS DE ENCONTRO NOS DÍAS PREVIOS PARA AS SAÍDAS A CAMPO E O LABORATORIO NO QUE SE REMATARÁ O DÍA.<br>OS ALUMNOS DEBERAN CHEGAR COS SEUS PROPIOS MEDIOS ASÍ COMO LEVAR ROUPA E CALZADO ADECUADO PARA AS MOSTRAXES. | | |